



## PREGUNTA ORAL SOBRE AS ACTIVIDADES “ARTÍSTICAS” NO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

As persoas que, con suxeición a autorización ou sen suxeición a autorización, ocupan a vía pública e desenvolven actividades supostamente artísticas non retribuídas está incrementándose, o que incrementa tamén a afectación á singular e histórica paisaxe urbana e, nalgúns casos, pode supor molestias para os veciños e, incluso, nalgún caso, exercicio de competencia desleal.

**Así as cousas, no curto prazo, ten previsto o Goberno Municipal reconducir ou adaptar ao interese xeral o despregue de instalacións supostamente artísticas e non retribuídas, ben sexa a través dun maior control da adecuación da actividade ás autorizacións dadas ou ben sexa a través duns novos criterios para a concesión de novas autorizacións?**

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2016

Alejandro S Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.